


O BARCO



DE VAPOR

O día despois do día

Manuel Lourenzo González

1

ALGÚNS pensarán que esaxero cando digo que a aparición de Lionel na miña vida foi unha explosión. Non esaxero nada: foi unha explosión. Tan potente, que fixo que voase a cancela do xardín e se estrelase contra a fiestra do meu cuarto. Nun de repente, mil pequenos anacos de madeira e cristal espaxéronse polo aire e ficaron aboiando como confetis cunha lentitude pasmosa durante segundos para despois iren caer sobre o piso cun ruído de chuvia metálica. Por sorte, nese momento eu atopábame aínda lacazaneando na cama, ignorando as severas ameazas da miña nai que, tras varios intentos fallidos, probaba novas estratexias para que me erguese. Era a hora de ir ao colexio, certo, pero a quen se lle pode pedir dilixencia cando apenas remataran as vacacións de verán e xa nos enfrontabamos á dura realidade dun novo curso? É que nin-

guén se decataba do marabilloso que era non facer nada, simplemente durmir?

Sen pretendelo, a preguiza salvoume da violencia dos proxectís que voaron polo cuarto. E conseguiuuse o que non conseguían os esforzos da miña nai: que me erguese dun chimpo. Dende o oco da fiestra, vin a Lionel por primeira vez. Permanecía de pé, pasmado perante o negro burato que se abriera no chan xusto no sitio onde uns minutos antes se achaba a nosa bonita cancela de reixas verdes con ornamentos florais. Agora só era unha sementeira de cinzas fumegantes.

Lionel era un cativo duns oito anos, de corpo miúdo, coa pel pálida e o pelo negro e crecho. Vestía un gabán amarelo e unha gorra de la tamen amarela. Eu xa oíra falar del e da súa estraña familia, pero, naquel momento, de ningunha maneira podía prever a importancia que ía ter na miña vida nos meses seguintes. Só sabía, pola súa postura coas mans nos cadrís e a atención concentrada, que era o causante da desfeita. O resto eran preguntas.

Non era eu a única que quería saber. En poucos minutos, abríronse as portas das casas contiguas e saíu unha morea de xente a preguntar que sucedera. Os meus pais foron dos primeiros. Con

pasos dubitativos, ollando alternativamente para o oco aberto no valado, o da fiestra e as táboas e cristais mesturados coas follas acabadas de caer, achegáronse ao rapaz e puxéronse a interrogalo. Eu non podía oír a conversa debido ao bulicio, mais non era difícil de adiviñar.

Ao pouco, presentáronse os coches da policía, coas súas freadas ruidosas e o escintilar das luces intermitentes. Os axentes examinaron minuciosamente o escenario, tomaron fotografías e escoltaron a todo o mundo. Eu, que cando ocorreu aquilo era una nena de dez anos acabados de facer, sentinme orgullosa de que tanta actividade no barrio tivese que ver coa miña casa e, aínda máis, coa miña fiestra.

Por fin, a mamá lembrouse de que estaba no cuarto e volveu a cabeza.

–Maite! Maite!

Quixen acougala con acenos, pero aínda así subiu apresurada. Os policías fixéranse cargo da situación e levaban o rapaz nos coches patrulla, outra volta rechiando e esfachareando na luzincipiente do mencer. Tras se asegurar de que me atopaba ben, a mamá foi ao dormitorio do meu irmán maior, Vítor, que se estaba a vestir e non se decatara de nada por ter postos os auriculares coa

súa música horrenda e estrondosa. Recuperados os folgos, comentou, falando máis para si mesma que para nós, que non entendía como podía haber uns pais tan irresponsables que deixaban os fillos xogar con explosivos. Que a quen debería deter a policía era os pais de Lionel, non o pobre neno, que despois de todo non era máis que un cativo e non sabía o que facía. Máis tarde, o meu pai púxonos ao tanto de que algunhas familias se propoñían presentar denuncias no xulgado, xa que non era a primeira vez que ocorrían incidentes na vila por causa dos Estévez. Ese era o apelido da familia do rapaz. Non chegou a explicar de que incidentes se trataba, pero polo visto estaba en xogo a nosa seguridade.

Durante o almorzo, ampliei as miñas informacións sobre os Estévez. Chegaran a Fortela uns seis meses atrás e alugaran como vivenda un vello casal coñecido como Casa da Luz, porque en tempos fora unha especie de fábrica na que se producía electricidade. Estaba situada nun arrabalde do lado sur cruzado polo río Ledo e a vía do ferrocarril, que por ese tramo discorrían paralelamente, e moi preto da estación, da que a separaba só un pequeno parque. Os propietarios despreocupáranse dela relegándoa ao abandono e só nos

últimos anos se vira no portal un letreiro anunciando o aluguer. Aínda con ser Fortela unha cidade de tipo medio, cos seus oitenta mil habitantes, e ter case tanta actividade industrial e comercial como a que había en Vilareosa, a capital da comarca, non había ninguén que desexase habitar unha casa tan enorme que necesitaría reparacións cuantiosas para facela acolledora. Con todo, nada máis vela, os Estévez entusiasmáronse coas posibilidades que ofrecía unha propiedade tan vasta que consideraban en condicións aceptables de habitabilidade.

A chegada dos Estévez non pasara desapercibida para ninguén nos barrios do sur. E non só polo seu aspecto, en xeral descoidado, nin por se instalaren na Casa da Luz, senón sobre todo polas numerosas caixas, grandes, pequenas e medianas, e as estrañas máquinas que descargaron de tres camións de mudanzas, máquinas que en nada se parecían a frigoríficos nin aspiradoras nin cortacéspedes.

Do matrimonio, apenas se sabía que tiñan un único fillo chamado Lionel, nome realmente pouco habitual, e que ambos se dedicaban en exclusiva a algún tipo de actividade científica. Máis ou menos, que eran inventores. Ao parecer dos

veciños, dado que non contrataran a ninguén para exercer as tarefas domésticas e ante a imposibilidade de atenderen con eficiencia tan enorme casa, non era de estrañar o estado de abandono no que tiñan o fillo, do que nin sequera se preocupaban de que acudise ao colexio. A min, esta circunstancia pareceume extraordinaria. Non sabía que fose posible non ir a ningún colexio; todos os meus coñecidos e coñecidas ían a algún, e para os maiores iso era tan natural que nin sequera tomaban a molestia de xustificárnolo. O feito de que Lionel non asistise a ningún centro educativo significaba que non debía ser tan ineludible.

O día da explosión, no meu colexio non se falou doutra cousa, e eu sentínme de novo feliz de ser a protagonista das preocupacións de todos. Pero como non tiña moito que contar, pois non sufrira feridas nin me notei presa dun susto mortal, a curiosidade esgotouse axiña. Arrepentinme de non ter inventado algunha mentira, como que a potencia da carga me arrastrara polo aire ou que os cristais pasaran como frechas a escasos centímetros da miña pel. Ou que o ruído fora tan potente que quedara medio xorda. Decidín que, se algún día me volvía ocorrer algo pouco común, esaxeraría o necesario para que se me pres-

tase atención. Non lle ía facer dano a ninguén cun pouco de teatro.

O único que se seguiu interesando polo sucedido foi Sindo, un rapaz de 6.º curso con fama de rabudo e pouco amigable. Contradiciendo a súa fama, non parou de me facer preguntas durante o recreo e incluso me convidou a compartir a súa saborosa chocolatina, o que lle agradecín de corazón ao tempo que esquecía na papeleira o resto do meu bocadillo de queixo de cabra e pan integral. Sindo xa coñecía a Lionel. Mentres que a miña casa se situaba nun bloque de vivendas unifamiliares próximo ao centro, o seu piso achábase mesmo fronte á Casa da Luz, e dende que a familia Estévez se instalara, seguía con interese os seus raros costumes.

–Non fan nada igual ao resto da xente. Apenas saen da casa, traballan ata altas horas, non se sabe en que, o seu coche é unha furgoneta vella e escangallada, a antena de televisión semella a dunha nave espacial... Ao pai nunca lle vin a cara. A máis normal debe ser a nai, que vai á compra e é a única que fala coa xente. Para limpar a casa usan unha máquina con moitos brazos, vina dende a miña fiestra. E o servizo de transportes está continuamente traéndolles paquetes.

práctica de nos privar das horas de durmir? Un mundo no que a xente non dorme nin soña... Eu coido que xa é abondo terrible que a alguén se lle ocorrese semellante idea como para, por riba, facilitarlle o camiño. Non; a ciencia non pode estar para iso. Despois das calamidades que vimos hoxe, non teño ningunha dúbida de que debemos deixar que os soños sigan sendo soños e que as realidades sexan o que cada un sexamos capaces de querer e conseguir cada día. A miña esposa e mais eu tomamos unha decisión: dedicáremos en exclusiva aos xoguetes para nenos. É un campo de estudo moi interesante.

Nós os catro marchamos ao colexio, convencidos de que as emocións vividas nos darían material para moitos anos de lembranzas e talvez tamén de soños.